



Paulino Pereiro
poemas
de ruxido
e barruzo



2º PREMIO XLI EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA

alvarellos
EDITORIA




PAULINO PEREIRO (A Coruña, 1957) é compositor de música de cámara, orquestral, teatral e cinematográfica, cun amplo catálogo que supera as 250 composicións e ten sido interpretado en países de Europa, Asia e América. Publicou, entre outras partituras, a colección de pezas para piano *Caderno de melodías populares*, as *Melodías paisanas* e *Cancións de aquí e acolá*, ademais de varios discos compactos coa súa música. Como escritor, é autor das pezas de teatro *O leitor de Goethe*, *Cyrano de Bergerac* (en colaboración con Francisco Pillado) e *A representación*; as novelas *Entre dous* (en colaboración con Victoria Salgado), *Calidoscopio*, *Arredor de Chinto* e *Sinfonía cíclica* (finalista do Premio Lueiro Rey) e os libros de relatos *Desde unha mesa de café* (tamén na súa versión española), e *Habitar as illas* (Premio Carvalho Calero), así como os ensaios *Iniciación á linguaxe musical* e *Poética da música teatral*. Como poeta, publicou *Morte do Mar*. E traduciu a versión galega de *Blanche, dans la débâcle des ténèbres* de Daniel Thibaut.

Líbros do Sarela

*POEMAS DE RUXIDO E BARRUZO, de Paulino Pereiro,
obtivo no ano 2015 o Segundo Premio da XLI edición do
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*


*O xurado estivo composto por José Antonio Pita Paz
(presidente), Darío Villanueva Prieto, M^a Carmen Gueimunde
González, Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*



PAULINO PEREIRO

POEMAS DE RUXIDO
E BARRUZO

alvarellos
EDITORIA



Libros do Sarela

© ALVARELLOS EDITORA, 2016
Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

© Paulino Pereiro Martínez

Diseño e maquetación: Alvarellos Editora
Impreso en Podiprint

Depósito Legal C 1032-2016
ISBN 978-84-16460-11-3

Calquera forma de reproducción, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algúun fragmento desta obra.

I

DENTRO de min existe unha cidade deshabitada,
de momentos sen flor,
de caótica arquitectura de desertos,
crucificada na morte dun plano de topógrafo desleixado
que tracexa con mao indecisa
as imprecisas dunas douradas das rúas
por que camiñan
os meus volubles sentimentos,
con pasos, ao instante recordos,
que o vento desfigura no sumidoiro do silencio.

II

ADMITO que fun vencido polo horizonte,
sométome á inutilidade da esperanza,
sucumbo ante a incapacidade do meu espírito
para transformar o coñecemento da esencia humana
na realidade perversa de fauces incansables.

As sensacións son unha derrota de árbore caída,
os sentidos o ollo cego do asombro,
o ruxido do barruzo
que o vestido aveludado do ceo
abandona en desleixados flocos.

A beleza sempre é para os outros,
discípulos de afamados horizontes cativos;
para min, o escuro e mol vieiro intenso,
o sabor no ceo da boca dos lamazais,
o ilimitado desacougo da flor que murcha.

III

RECLÍNAME no meu inconmovible deserto
para penetrar no desecado cuarto da paisaxe
e adormentarme no rebento das chuvieiras,
ladroas do meu sámago desfalecido.

Por dentro do meu mapa clandestino
tuberías de flores transportan arrecendos
nun obstinado queimo de brasas
que non sinto arderen,
alleas da miña oculta cerna.

A espiña é unha trabe protectora
de lastras que ocultan voos tornasolados;
por baixo, corvos, curuxas e merlos
grallan negrura vibrante e aceda
fabricando os alicerces do meu alboio esquecido.

IV

CONTRA a beleza opoño o desespero da ave extraviada,
o disparo ficticio do asasino da barraca de feira
que crava o seu dardo mol na repetición dos días,
mentindo ao sol e ao lueiro un ceo que barruza.
Como animal de carga carreto o sustento dos outros,
no diario invento pormenorizado da harmonía
que guindo en refugallo necesario de flores,
arrecendo de clamores destilados no meu alambique.
Ah, se puidese non ser eu quen conquista as illas virxes,
quen recibe o agasallo do tempo nun embrullo
e o distribúe dadivoso entre os sentidos sedentos,
e abraiarme na contemplación fascinante
dos elegantes destinos sen iniquidade nin ruína.

V

No meu interior refugallos de fábricas derruídas,
a metafísica da luz acuática rebotando contra as chemineas,
a fuxidía impresión sensorial
que se ausenta no fluído das aves,
a inconsistencia dun coitelo de mar contra o sol da tardiña.
Para entender vexo, a frescura de tixolos
obstruíndo o aire entumecido,
rectángulos mínimos instigando a materia anegrecida
na engurra do recordo dun fume, no pasado, vivo.
Xiro no remuíño circular dos muros de fragmentos laranxas,
de cor roubada ao sol como unha froita
que as gaivotas devoran coa súa sombra fugaz.
Enlázome con ollos de tesouras no boureo do diluído fuscalle
para cortar o sentimento atroz de que este é o meu lugar,
unha ría ilimitada que me atrapa na suxa arañeira
de barcos enferruxados na derradeira singradura,
de asteleiros mortos que o silencio do sol
converte en cadáveres vulgares e solitarios.
Inmerso na campa da paisaxe síntome ave
que non se importa do que mide o ceo
senón da sensación vertiginosa de infinito.

*Outros Libros do Sarela
de ALVARELLOS EDITORA*

ROSA TÁNTRICA

Luz Pozo Garza

[Novidade editorial, 2016]

ADAGIO POR OUTONO

Modesto Fraga

1º Premio Certame Literario de Vilalba 2015

SOBRE RUÍNAS

Xesús Rábade Paredes

Premio da Edición de Galicia 2013

Premio Fervenzas Literarias 2013

Finalista Premio AELG 2013

OS PRIVILEXIOS DOS SOMNÁMBULOS

Pablo Bouza

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2013

Finalista Premios da Edición de Galicia 2014

QUENDA DA CATIVIDADE

Xoán X. Piñeiro

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2012

ABRINDO FIESTRAS EN CARNE VIVA

Carlos Pereira

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2011

Finalista Premios Iª Gala do Libro Galego 2016

CATAVENTO DE NEUTRÓS

DOMESTICADOS

Manuel María

Introducción e estudo de Camilo G. Torres

[Letras Galegas 2016]

Ver catálogo en alvarellos.info

O barruzo, esa chuvia pequena e teimuda que semella desaxustar o mundo, e o ruxido como metáfora –e berro– do creador inadaptado, son os dous eixes sobre os que se erguen estes poemas de Paulino Pereiro, unha obra que recibiu en 2015 o segundo premio do Certame Literario do Concello de Vilalba. “O meu barco non ten océano”, escribe o poeta.

O autor atopa abeiro nunha natureza que representa aquí o equilibrio, coma o río, “sangue paralelo do meu sangue”, ou o aire da mañá “que batalla contra o ruxido”. Sobre todos eles xorde tamén o acougo na función da propia escrita.

Trinta e seis poemas en verso libre que flúen musicais e poderosos, estruturados coma un diario real, datados no tempo e no espazo, escritos durante seis semanas dun verán do norte...



Concello de Vilalba

Llibros do Sarela

A standard one-dimensional barcode is positioned vertically on the left. Below the barcode, the ISBN number "9 788416 460113" is printed horizontally.



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Cultura